



Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

D. Claudio M Garrido Martínez
Alcalde do Concello de Sarria

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos é un organismo público dependente da Consellería de Sanidade. Cada día mantemos abertos locais de doazón nas sete grandes cidades e desprazamos dez unidades móbiles na procura de doazóns de sangue que despois son procesadas e analizadas nas dependencias centrais. Deste xeito é posible enviar compoñentes sanguíneos a todos os hospitais galegos para atender a milleiros de doentes os 365 días do ano.

O noso obxectivo só é posible grazas á colaboración dos organismos públicos, concellos, medios de comunicación, centros docentes, empresas e asociacións de doantes.

Na situación actual, traballamos cun protocolo que garante a seguridade do persoal sanitario e dos doadores de sangue. Así mesmo, dispoñemos dun teléfono de información gratuíto para consultar as dúbidas sobre a doazón de sangue e tamén sobre a localización das unidades móbiles. **(900100828)**

Unha destas unidades móbiles desprazarase ata **Sarria** polo que solicitamos o permiso de aparcadoiro para a unidade móbil de 15 metros e a súa colaboración na difusión desta campaña solidaria.

Xoves, 25 de abril

10:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 horas

UNIDADE MÓBIL NA RÚA DA LIBERDADE

Solicitamos que indiquen por fax ou correo electrónico (promoción.ados@sergas.gal) a confirmación da reserva.

Grazas,

José Luís Beiras Padella

Director de Xestión e Servizos Xerais da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

